Preparados/as para xogar aos birlos? Pois para que ademais de divertido sexa didáctico, propoñémosvos unha serie de regras para este xogo de lóxica matemática que vos presentamos, distribuídas por idades. Xoguemos cos números!

| | |
|---|---|
| FORMIGUIÑAS<br> | - Recicla tantas botellas de plástico, como birlos queiras ter na partida.<br>- Fai a distinción das botellas por cores, con etiquetas que lles poidas pegar, ou con rotuladores permanentes.<br>- Pinta papeis pequenos de cores, fai a clasificación dependendo da cor e colócaos na botella á que pertencen (1, 2 ou 3 papeis de cada cor).<br>- Colle a túa pelota favorita e intenta tirar o maior número posible de botellas.<br>- Fai o reconto de birlos que tiraches.<br>- Axúdate da recta numérica e conta o número de papeis que conseguiches en cada birlo e súmaos para ver o total.<br>- Axúdalle a escribir a cantidade nun papel ou cartolina e que intente colocar o número de pinzas que corresponda. <br>- Facede a conta do mesmo xeito, para cada un dos xogadores/as da partida.<br>- Pídelle que cos dedos das mans represente o número.<br>- Fai unhas creativas cadenetas de papel, representando o número e as cores conseguidas en cada partida.  |
| PITIÑOS<br> | - Recicla tantas botellas de plástico, como birlos queiras ter na partida.<br>- Fai a distinción das botellas por cores, con etiquetas que lles poidas pegar, ou con rotuladores permanentes.<br>- Pinta papeis pequenos de cores, fai a clasificación dependendo da cor e colócaos na botella á que pertencen (de 1 a 10 papeis de cada cor).<br>- Colle a túa pelota favorita e intenta tirar o maior número posible de botellas.<br>- Fai o reconto de birlos que tiraches.<br>- Axúdate da casiña do 100 e conta o número de papeis que conseguiches en cada birlo e súmaos para ver o total.<br>- Axúdalle a escribir a cantidade nun papel ou cartolina e que intente colocar o número de pinzas que corresponda. <br>- Facede a conta do mesmo xeito, para cada un dos xogadores/as da partida.<br>- Pídelle que conte ata o número seleccionado na casiña do 100.<br>- Fai unhas creativas cadenetas de papel, representando o número e as cores conseguidas en cada partida.  |

## BALEAS



- Recicla tantas botellas de plástico, como birlos queiras ter na partida.
- Fai a distinción das botellas por cores, con etiquetas que lles poidas pegar, ou con rotuladores permanentes.
- Pinta papeis pequenos de cores, fai a clasificación dependendo da cor e colócaos na botella á que pertencen (de 1 a 20 papeis de cada cor).
- Colle a túa pelota favorita e intenta tirar o maior número posible de botellas.
- Fai o reconto de birlos que tiraches.
- Axúdate da casiña do 100 e conta o número de papeis que conseguiches en cada birlo e súmaos para ver o total.
- Axúdalle a escribir a cantidade nun papel ou cartolina e que intente colocar o número de pinzas que corresponda. 
- Co número de pinzas de cada partida, que as agrupe formando decenas, preguntándolle cantas decenas e cantas unidades ten cada número de birlos conseguido.
- Facede a conta do mesmo xeito, para cada un dos xogadores/as da partida.
- Pídelle que conte ata o número conseguido en cada partida, na casiña do 100.
- Fai unhas creativas cadenetas de papel, representando o número e as cores conseguidas en cada partida. 